

MAIO 2018
SOÑOS Á MEDIDA

MAIO 07 **GRANDEUR ET DÉCADENCE D'UN PETIT COMMERCE DE CINÉMA**
(GRANDEZA E DECADENCIA DUN PEQUENO COMERCIO DE CINE)
Jean-Luc Godard, FRANCIA 1986; 92' V.O.S.C.

MAIO 14 **GOLDEN DAWN GIRLS**
(AS MOZAS DE AMANCER DOURADO)
Håvard Bustnes, DINAMARCA/FINLANDIA/NORUEGA 2017; 95' V.O.S.C.

MAIO 21 **MOST BEAUTIFUL ISLAND**
(MOST BEAUTIFUL ISLAND)
Ana Asensio, USA 2017; 80' V.O.S.C.

MAIO 28 **FILME SORPRESA**

AUDITORIO MUNICIPAL DE VIGO: PRAZA DO REI
ÁS 20:30 HORAS
Colaboran:
CONCELLO DE VIGO E FEDERACIÓN DE GALICIA DE CINECLUBS

SOÑOS Á MEDIDA

Entre anacos de ficcións e realidades imos construindo o mundo. Cada persoa contén soños de ser mellor, de ser a elexida, ou de ser quen de mudar a contorna; Soñando enchemos de forma o futuro.

Deses soños á medida vai o noso ciclo este mes:

Estreamos o filme de Godard, *Grandeza e decadencia dun pequeno comercio de cine*. Tras trinta anos no olvido, o cineasta restaura este traballo no que propón unha análise da fábrica dos soños, "xa é hora de que a vida devolva ós filmes todo o que lles ten roubado".

No documental *As mozas do amancer dourado*, o cineasta Håvard Bustnes pregúntase en voz alta, que pasou en Grecia? Un inquietante documental que amosa a un país de xente amigable escurecido por ideoloxías políticas próximas ao nazismo. Os seus votantes non son extraterrestres, son cidadáns comúns.

Most Beautiful Island, baseado en feitos reais que viviu a realizadora, no filme fálase da vulnerabilidade do día a día cos cartos xustos, de non ter os papeis en regra. "Quería amosar un Nova York que normalmente no se amosa nos filmes, ou que definitivamente, non é o que temos idealizado. Pero sí é a cidade que vivín e sentín".

"Fai da túa vida un soño, e do teu soño una realidade"
Saint-Exupéry

MAIO
07

**GRANDEUR ET DÉCADENCE D'UN PETIT COMMERCE DE CINÉMA
(GRANDEZA E DECADENCIA DUN PEQUENO COMERCIO DE CINE)**

Luns ás 20:30h

Jean-Luc Godard, FRANCIA 1986; 92' V.O.S.C.

Ficha técnica

|||||
Dirección e Guión: Jean-Luc Godard
Fotografía: Caroline Champetier e
Serge Le François

Ficha artística

|||||
Jean-Pierre Mocky
Marie Valera
Jean-Pierre Léaud

SINOPSE

Baseado na novela de James Hadley Chase. O director Gaspard Bazin está preparando unha nova longametraxe e organiza castings para elixir ós figurantes. Aínda están no proceso de financiamento e fai un chamamento a Jean Almereyda, un antigo produtor de moda vido a menos ao que lle custa cada vez máis acadar financiación.

JEAN-LUC GODARD

Director, guionista, produtor, montador e fotógrafo nado en París en 1930. Criado no seo dunha familia acomodada e protestante, con catro anos a familia trasládase a Suíza. Educado en Suíza e na Sorbona, onde cursa estudos de Etnoloxía. Asiduo da cinemateca universitaria é alí onde coñece ós futuros membros da *Nova Onda*. Foi crítico de *Cahiers du cinema* e outras revistas especializadas. Debuta na longametraxe con *À bout de souffle* (1959), respaldado por Truffaut, onde desenvolve un cine espontáneo, con saltos de exe, cámara en man, e rodaxes sen iluminación especial. Os seus seguintes traballos, como *Vivir a súa vida* (1962), *Unha muller casada* (1964), *Alphaville* (1965), ou *Pierrot o tolo* (1965), expoñen a evolución do seu estilo vanguardista, que mesturaba a ficción con partes case documentais. En *Week-end* (1967), expón as súas posicións de extrema esquerda, intentando facer "películas revolucionarias para audiencias revolucionarias". Filmadas en 16 mm, con orzamentos baixos, incluso máis radicais cas anteriores. Na década de 1970, traballa en producións de carácter menos político, intentando ser máis comercial. Con *Sálvese quen poda* (1979), volve o cine convencional en 35 mm, máis na liña do seu primeiro periodo, *Pasión* (1982), *Nome: Carmen* (1983) e *Eu te saludo, María* (1984).

No 2010, a Academia de Hollywood lle concede un Óscar honorífico.

Le livre d'image (2018), é o seu último traballo.

MAIO

14

Luns ás 20:30h

GOLDEN DAWN GIRLS

(AS MOZAS DE AMANCER DOURADO)

Håvard Bustnes, DINAMARCA/FINLANDIA/NORUEGA 2017; 95' V.O.S.C.

Ficha técnica

Ficha artística

|||||

Dirección e Guión: Håvard Bustnes

Fotografía: Lars Skree, Viggo Knudsen

DOCUMENTAL

Edición: Anders Teigen

Música: Jonas Colstrup

SINOPSE

Cando numerosos membros destacados do partido *Amancer Dourado* son encarcerados, as mulleres (entre elas, a filla do líder Nikos Michaloliakos) toman o liderazgo da formación e continúan transmitíndo a súa mensaxe. Todas elas teñen a suficiente experiencia para evitar grietas no discurso oficial. Nun momento de distracción, o director fuxe e acada imaxes comprometidas. O material resultante, complementado con imaxes de arquivo non deixa dúbidas

HÅVARD BUSTNES

Director, produtor e guionista noruego. Licenciado en Dirección para Televisión na Escola de Cine e TV de Lillehammer, Noruega. Os sus primeiros filmes foron: *Two Raging Granni*, *Health Factory* e *Big John*, co último acada o premio ao Mellor Documental nos *Amanda Awards* de Noruega.

Outros dos seus traballos: *Golfdrømmen* (2000), *Riktig Mental Innstilling* (2007),

Blod & ære (2008), *Helsefabrikken* (2010), *Two Raging Grannies* (2013).

Este é o seu último traballo.

MAIO
21
Luns ás 20:30h

MOST BEAUTIFUL ISLAND
(MOST BEAUTIFUL ISLAND)
Ana Asensio, USA 2017; 80' V.O.S.C.

Ficha técnica

|||||

Dirección e Guión: Ana Asensio

Música: Jeffery Alan Jones

Fotografía: Noah Greenberg

Ficha artística

|||||

Ana Asensio

Natasha Romanova

David Little

Nicholas Tucci

2017: SXSW, MELLOR FILME

2017: SIDEWALK FILM FESTIVAL, PREMIO AO MELLOR FILME

SINOPSE

Baseado en feitos reais, conta a vida dunha inmigrante indocumentada que loita por sobrevivir nos Estados Unidos, e que tratará de atopar a redención dun pasado tormentoso a través dun perigroso xogo.

ANA ASENSIO

Directora, guionista, actriz e produtora nada en Madrid en 1978. Iníciase na profesión como actriz en series para a televisión e nos filmes *A caixa Kovak* (2006) e *O arquivo* (2015)..

Este filme supón o seu debut na longametraxe. É tamén, o seu último traballo.

MAIO

FILME SORPRESA

28

Luns ás 20:30h

Filmes de rigorosa estrea que están a formar parte da programación dos mellores festivais de cine do mundo. Se unha vez iniciada a proxección alguén decide saír, poderá facelo durante os primeiros 15 minutos e devolveráselle o importe da cota pagada.

COLABORACIÓNS

* Na nosa colaboración coa Alianza Francesa, o filme deste mes é *Les Pépites* de Xavier Lauzanne (2016) A proxección será o vindeiro **mércores 16 de maio**, ás 20:30h, no Auditorio Municipal de Vigo. A entrada é de balde até completar aforamento.

* Grazas ao acordo coa librería LIBROURO (rúa Eduardo Iglesias, n.º 12), todas as persoas asociadas terán un desconto do 5% nas compras logo da presentación do carné.

* Todas as persoas asociadas que dispoñan de correo electrónico poderán solicitar o envío da programación.

* Non se permitirá o acceso ao auditorio unha vez comezada a proxección.

* O uso do teléfono móbil na sala co filme iniciado será motivo de expulsión da mesma sen reintegro dos cartos da cota pagada.

CINECLUBE LUMIÈRE

DE VIGO

Rúa Doutor Cadaval 33, 4.º A - 36202 Vigo -

<http://www.lumierevigo.com>

info@lumierevigo.com

PREZOS

Cota anual soci@:	18 euros
Cota filme soci@:	4 euros
Bono Lumière 5 filmes:	15 euros (só soci@s)
Cota filme colaborador@:	5 euros
PARAD@S, con carné:	4 euros